

JOSÉ M^a EGUILITA FRANCO: *A Baixa Limia Galega na Prehistoria Recente. Arqueoloxía dunha Paisaxe na Galicia Interior.* Deputación Provincial de Ourense. Ourense, 1999. 547 pp.; 50 lám.; 145 fig. Con Prólogo de A.A. Rodríguez Casal

Por Eduardo RAMIL REGO

Departamento Historia I
Universidade de Santiago

Baseada na súa tese doctoral titulada «Megalitismo e Calcolítico na Baixa Limia galega», José María Eguileta, ofrece neste libro non só un cambio de título con respecto a ela, senón, como ben dí no seu prólogo o Prof. A. Rodríguez Casal, plantexa «un novo xeito de enfocalo mundo dos nosos constructores de mámoas e primeiros metalurxistas da Baixa Limia cara un público máis xeral»; xeito que sin peder rigor algún, amosa o máis salientable dos xacementos arqueolóxicos da prehistoria recente na súa relación coa paisaxe.

A obra está compartimentada nunha serie de apartados que podemos resumir en tres grandes grupos. O primeiro empeza cunha declaración de obxetivos e coa presentación da metodoloxía aplicada, para continuar coa análise das características xeográficas da área de estudio. O segundo fai unha reseña dos xacementos documentados e das intervencións arqueolóxicas levadas en eles, seguida da presentación, dende unha perspectiva cronolóxica e contextual, dos materiais recuperados nas intervencións. O terceiro grupo céntrase no establecemento das relacións entre os xacementos e o medio físico, incluíndo o estudio duns potenciais patróns de emprazamento en relación con vías de tránsito.

No limiar declárase a intención de afrontalo estudio, nas coordenadas tempo e espacio, de tres grupos diferentes de conxuntos arqueolóxicos: mámoas, xacementos con materiais calcolíticos e achados superficiais relacionables coas anteriores. Para iso baseáase na profundización no medio natural e nas evidencias arqueolóxicas. Istanos adentran na coordenada tempo, mentres co estudio do medio e a súa inferencia coa ubicación dos xacementos atende á coordenada espacio. De seguido aborda dúas análises historiográficas de interés; a primeira entre a distribución de xacementos e a súa relación co medio físico, e a segunda relativa ós antecedentes arqueolóxicos da zona.

Polo que se refire ó marco xeográfico, o autor primeramente sinala o carácter restrinxido do seu concepto de medio, entresacando deste gran abano o que considera aplicable á disciplina arqueolóxica. Para despois delimita-la base territorial do estudio atendendo ás divisorias de augas; divisorias que xerarquiza en catro ordes e relata os seus límites polo miúdo. Deste espacio xeográfico reflicte a súa xeoloxía, climatoloxía, pendentes, sustrato edáfico, capacidade produc-

tiva dos solos e distribución dos cultivos actuais, rematando cunha escueta mención ás reconstrucións paleoambientais.

O tercer apartado constitúe un exhaustivo catálogo dos xacementos estudados, atendendo principalmente o seu emplazamento, onde se recollen por separado as mámoas, os xacementos ó ar libre, os achados de cerámicas non campaniformes, e os xacementos campaniformes. Iste apartado conclúe cunha breve reseña das escavacións e sondaxes practicadas. No catálogo de mámoas votamos en falta as referencias altitudinais dos xacementos e parécenos algo obsoleto o emprego de coordenadas xeográficas referenciadas ó Meridiano de Madrid, aspecto, iste último, que supoñemos consecuencia do emprego dunha cartografía non actualizada polo seu editor.

O seguinte apartado achéganos ós materiais recuperados, deténdose nos seus paralelos co ánimo de achegarse á súa cronoloxía. Como é tradicional nestes estudos en Galicia, a industria lítica lascada é a «parente pobre», atendendo principalmente á morfoloxía do seu cornorno, aspecto que contrasta cun moi bo estudo dos materiais cerámicos.

No quinto apartado presenta unha tipoloxía das cámaras que acollen as mámoas. Pero o realmente interesante, por innovador, é o estudo dos túmulos atendendo ó seu tamaño e orientación dos eixos maiores, deste xeito e baseándose no seu propio índice de alongamento e de cálculo volumétrico, achéganos a unha primeira observación de patróns constructivos.

Apoiándose na descritiva do entorno sinalada ó comezo da obra, analízase a distribución espacial dos xacementos en relación coa xeoloxía, pedentes, substrato edáfico, emplazamentos, cultivos actuais, etc. Análise realmente concienzuda pero, do mesmo xeito que acontece noutras zonas, pouco concluinte; a interacción dos elementos físicos da paisaxe coa pauta de asentamento dos constructores de mámoas, ou co propio patrón de emprazamento dos túmulos, parece que se fundamenta nalgún outro elemento ou característica, acaso relacionada cun sistema de explotación do medio que descoñecemos. Tal vez queramos explica-las relacións co medio dunhas sociedades prehistóricas baseándonos nunhas características físicas actuais e nunhas pautas de aproveitamento do entorno dos nosos días, cando non tentamos busca-las explicacións en estudos paleoambientais que de seguro axudarían algo máis.

A relación das mámoas coas vías de tránsito centra outra parte da obra. Federico Maciñeira fixo unha importante contribución neste ámbito, documentando a proximidade entre as mámoas e o «camiño real» que dende a cubeta de As Pontes atravesa a Faladoira ata Bares. Os traballos en Galicia atendendo a iste vencello experimentaron un grande pulo na década dos oitenta e comezos dos noventa, certamente un grande número de mámoas atópase perto de camiños antigos. Camiños que adoitan situarse en zonas marxinais da agricultura actual, e, tal vez, sea ista situación de marxinalidade respecto ás áreas agrícolas posteriores a razón da súa conservación, en detrimento das situadas nas áreas máis fértiles e máis traballadas polo arado ó longo dos séculos.

Posteriormente abórdase a relación dos xacementos ó ar libre atopados co marco xeográfico, a metodoloxía empregada e semellante á do apartado ante-

riór, agás unha moi interesante parte que tenta avalia-los territorios de explotación desde xacementos. Con iste obxeto delimita para cada xacemento dous territorios hipotéticos de explotación, un inmediato, cun radio establecido segundo o espacio recorrido en 30 minutos, e un derradeiro dunha hora.

Dende o punto de vista formal, a obra está ben estruturada, mais pensamos co lector agradecería un maior tamaño de caixa, pois a boa calidade das figuras queda algo allada co formato escollido. Do mesmo xeito consideramos pouco acertada a presentación da parte gráfica ó remate dun volume desta extensión xa que dificulta en gran medida a súa lectura e comprensión.

Como conclusión, temos que felicitar a J.M. Eguileta por iste encomiable traballo que presenta unha prospección realmente exhaustiva dunha área xeográfica con entidade propia; traballo que asociado a un interesante estudio do medio o convirte nun claro referente para estudio da Prehistoria recente no noso país.